

**NORMATIVA QUE REGULA A ORGANIZACIÓN DA
DOCENCIA POR MÓDULOS E CURSOS
NA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A
EDUCACIÓN FÍSICA**

(Aprobada en Xunta de Facultade do 25 de xuño de 2013)

A estrutura do Plan de Estudos en Cursos e Módulos expónse co obxectivo fundamental de conseguir coherencia e homoxeneidade entre os contidos a impartir, na programación das actividades formativas, na metodoloxía de ensino e na avaliación, garantindo a consecución das competencias e a racionalidade no traballo non presencial do/da estudante.

Neste sentido establecerase:

1. Unha **Comisión Académica de cada Módulo (CAM)**, para cada ano (curso) académico, que estará constituída por:
 - a. O PDI da facultade que imparta docencia nas materias que compoñen cada Módulo, e outros de perfil curricular vinculado, se fora o caso. Un membro do PDI, a proposta do Módulo e nomeado polo Decano/a, terá o encargo de ser o **Coordinador/a** de cada **Módulo**.
 - b. Un número aproximado de Representantes de Estudantes proporcional á súa representación na Xunta de Facultade (28%) que, por matrícula, estean vinculados/as ás materias de cada Módulo.

Cada **CAM** terá reunións e sesións periódicas de traballo, convocadas polo Coordinador/a de Módulo, para acordar, homoxeneizar e/ou diferenciar, segundo sexa necesario, a linguaxe, as metodoloxías, a carga de traballo non presencial, a avaliación, etc. Con carácter estable realizaranse reunións de **Coordinadores/as de Módulo**, convocadas e presididas polo/a Decano/a ou persoa en quen delegue (Vicedecano/a responsable de Calidade, e/ou Vicedecano/a de Organización Académica) e coa presenza, se fóra o caso, do Responsable da Titulación, có obxecto de:

- a. Establecer os criterios de elaboración e revisión das Guías Docentes.
- b. Propor a cronoloxía de contidos e actividades (intra e/ou inter-cursos).
- c. Propor contidos e/ou actividades vinculadas a diferentes módulos.

- d. Propor e/ou axustar os criterios de avaliación das competencias e contidos de tipo práctico.
 - e. Analizar a coherencia entre competencias, indicadores, metodoloxías, etc.
 - f. Outros asuntos relacionados coa Calidade Docente.
2. Unha **Comisión Académica de cada Curso (CAC)**, para cada ano (curso) académico, que estará constituída por:
- a. O PDI da facultade que imparta docencia nas materias que compoñen cada Curso. Un membro do PDI, nomeado polo Decano/a, terá o encargo de ser o **Coordinador/a** de cada **Curso**.
 - b. Un número aproximado de Representantes de Estudantes proporcional á súa representación na Xunta de Facultade (28%) que, por matrícula, estean vinculados/as a cada Curso.

Con carácter estable realizaranse reunións de cada CAC, convocadas e presididas polo profesor/a **Coordinador/a de Curso**, para axustar o volume de traballo non presencial dos estudantes e profesores, para establecer os criterios de control de asistencia, criterios de atención e discapacidade, estudantes de cotas especiais, criterios de normalización lingüística, etc. Tamén se efectuarán reunións de **Coordinadores/as de Curso** convocadas e presididas polo/a Decano/a ou persoa en quen delegue, e coa presenza, se fóra o caso, do profesor/a Responsable da Titulación, có obxecto de:

- a. Expor pautas de actuación.
- b. Homoxeneizar criterios.
- c. Contribuir ao seguemento do Plan de Estudos.
- d. Outros asuntos relacionados coa Calidade Docente.

O procedemento para organizar de xeito racional o **Traballo Non Presencial** do/da estudante seguirá do seguinte xeito:

- O/a **Coordinador/a de Curso** convocará a cada **Comisión Académica de Curso** antes do 30 de xullo, para organizar o traballo do primeiro cuatrimestre do seguinte curso, e antes do 20 de decembro, para organizar o traballo correspondente ao segundo cuatrimestre.

Nesta organización deberanse ter en conta os seguintes criterios:

- Distribuir o traballo do/da estudante ao longo do cuatrimestre, evitando concentrar o mesmo en períodos concretos.
- Que o **Traballo Total** estimado de cada materia non exceda das 150 horas, incluíndo a presencialidade, as horas de estudo e preparación do/dos exame/s, a totalidade dos traballos e probas da asignatura, e a realización do exame oficial.
- Que o **Traballo Non Presencial** estimado por materia non sobrepase as 99 horas, nas básicas e obrigatorias; é dicir, que para unha matrícula de 5 materias por cuatrimestre, non se sobrepasen as 495 horas de traballo non presencial, nen as 25 horas semanais, nunha estimación de 20 semanas por cuatrimestre (incluíndo Nadal e Semana Santa). Nas asignaturas optativas non se superarán as 108 horas de traballo non presencial.

Tanto os coordinadores de módulo como os de curso serán nomeados polo Decano, a proposta da Comisión de Garantía de Calidade, para o que poderá consultar ao PDI do Módulo e do Curso, respectivamente.

A adscripción do PDI a cada Módulo e Curso, así como a composición das súas comisións, serán informadas á Xunta de Facultade, cada curso académico, unha vez aprobados os Planos de Organización Docente (POD) dos Departamentos correspondentes. O número de profesores/as adscritos a cada Módulo poderá ser superior ao de profesores/as con docencia asignada.

PROCEDIMIENTO PARA A ELABORACIÓN E REVISIÓN DAS GUÍAS DOCENTES

En relación cos procesos de elaboración e revisión de **Guías Docentes**, e tendo en conta o calendario proposto pola Vicerreitoría correspondente para cada curso académico, o procedemento a seguir será o seguinte:

1. Procedemento e período de Elaboración e/ou Actualización:

A Facultade, a través do/da **Responsable da Titulación** (que será o responsable de abrir e pechar a aplicación da UDC para a titulación/s), comunicará ao PDI as recomendacións e directrices xerais para elaboración das Guías Docentes. Cada docente, no prazo establecido, elaborará ou actualizará as Guías Docentes das súas asignaturas para cada curso, tendo en conta ditas recomendacións.

2. Recomendacións para a Revisión das Guías Docentes:

a. Recomendacións para o Paso 2: RESULTADOS DE APRENDIZAXE

- Descrición o mais concreta posible das competencias da materia.
- Coherencia coas competencias do Módulo.

b. Recomendacións para o Paso 4: PLANIFICACIÓN

- Correcta distribución das horas. Para unha materia de 6 ECTS de formación básica ou obrigatoria: 51 horas presenciais e 99 horas non presenciais. Para unha asignatura optativa: 42 presenciais e 108 non presenciais. En caso de contar como presencial o exame, 53-97 horas, e 44-106 horas, respectivamente.

c. Recomendacións para o Paso 5: METODOLOXÍAS

- Descrición detallada e clara de cada unha delas.
- Contrastar a descrición con carga presencial e non presencial asignada.

d. Recomendacións para o Paso 6: ATENCIÓN PERSONALIZADA

- Descrición detallada evitando ambigüedades. Se é posible, cuantificar, dalgunha maneira, dita atención.

e. Recomendacións para o Paso 7: AVALIACIÓN

- Ten que sumar o 100%.
- Descrición detallada evitando ambigüedades.
- Utilizar, se é necesario, o apartado de observación para concretar:
 - o Existencia ou non de apartado, ou sub-aptados, cuxa superación sexa requisito para superar a asignatura.
 - o Criterios para superar a asignatura.
 - o Criterios de mantemento de partes superadas, en futuras convocatorias.
 - o Consideración da asistencia, e posible alternativa (en función do caso) para o alumno que non alcance a porcentaxe de presencialidade.
 - o Criterios de actuación cos/cas estudantes lesionados nas materias que impliquen probas motoras.

3. Procedemento para a Revisión das Guías Docentes:

- Os/as coordinadores/as de Módulo, e os/as Representantes de Estudantes, revisarán as Guías Docentes das materias do seu Módulo, facendo chegar ao PDI as súas observacións e propostas de modificación sobre calquer apartado da Guía Docente.
- Cada Coordinador/a de Módulo convocará á **Comisión Académica de Módulo** para transmitir e xustificar as súas observacións, ou plantexar a modificación de calquer apartado, tendo en conta as observacións dos/das estudantes. Asimesmo, comprobar se as modificacións se levaron a efecto.
- Cada coordinador elaborará un informe sobre as decisións e actuacións realizadas que será entregado ao Vicedecano responsable de Calidade, para incorporación ao SIGC.
- Ao remate do periodo de revisión, o/a Decano/a, ou persoa en quen delegue, convocará aos/ás **Coordinadores/as de Módulo** a unha reunión onde cada un/unha deles/delas informará da situación das Guías Docentes do seu módulo, e das posibles incidencias, para a elaboración do **Informe Final**, que será enviado aos Departamentos correspondentes de cara á aprobación das devanditas Guías Docentes en Consello de Departamento.

PROCEDEMENTO PARA A PROPOSTA DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NON PRESENCIAIS E SEMINARIOS DESDE OS MÓDULOS

Cada **Comisión Académica de Módulo** tamén poderá programar **Actividades Formativas** en horario e formato non presencial. Poden estar incluídos **Seminarios** de contidos relacionados coas materias do mesmo, **como complemento formativo para acadar as competencias da asignatura.**

A proposta de **Actividades Formativas** en horario non presencial, e/ou **Seminarios**, que emane da reunión da Comisión Académica de Módulo será ratificada na reunión de Coordinadores/as de Módulo, sendo incluída no informe aos Departamentos, para súa aprobación en Consello.

As contribucións deste tipo de actividades deberán estar recollidas e especificadas na Guía Docente da materia en cuestión, no apartado de Avaliación, **non podendo ser, en ningún caso, condición indispensable para obter o Aprobado ou a máxima cualificación da materia, nen exceder en porcentaxe o 15% da Cualificación Final.**

Estas actividades tampouco poderán ter custe algún para os/as estudantes, segundo a normativa da UDC (esta consideración será de aplicación a todas as actividades formativas e/ou seminarios que se celebren, e que formen parte da cualificación do/da estudante en asignaturas da titulación).

MÓDULOS DOCENTES DO TÍTULO DE GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

MÓDULO 1: MATERIAS BASICAS DA RAMA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

CÓDIGO/MATERIA
001 PEDAGOXÍA DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE
004 BASES DE EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTIVA
003 HISTORIA DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE
011 PSICOLOXÍA DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE
012 APRENDIZAXE E CONTROL MOTOR
015 SOCIOLOXÍA DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

MÓDULO 2: MATERIAS BÁSICAS DA RAMA DE CIENCIAS DA SAÚDE

CÓDIGO/MATERIA
002 ANATOMÍA E CINESIOLOXÍA DO MOVEMENTO HUMANO
013 FISIOLOXÍA DO EXERCICIO I
014 BIOMECÁNICA DO MOVEMENTO HUMANO
025 FISIOLOXÍA DO EXERCICIO II

MÓDULO 3: FUNDAMENTOS DOS DEPORTES

CÓDIGO/MATERIA
006 HABILIDADES ATLÉTICAS E A SÚA DIDÁCTICA
007 HABILIDADES ACUÁTICAS E A SÚA DIDÁCTICA
009 HABILIDADES XIMNÁSTICAS E A SÚA DIDÁCTICA
019 HABILIDADES DE DESLIZAMENTO E A SÚA DIDÁCTICA
020 HABILIDADES DE LOITA E A SÚA DIDÁCTICA
008 VOLEIBOL E A SÚA DIDÁCTICA
010 FÚTBOL E A SÚA DIDÁCTICA
017 BALONMÁN E A SÚA DIDÁCTICA
018 BALONCESTO E A SÚA DIDÁCTICA
030 INICIACIÓN EN DEPORTES I
031 INICIACIÓN EN DEPORTES II

032 INICIACIÓN EN DEPORTES III
033 INICIACIÓN EN DEPORTES IV
044 INICIACIÓN EN DEPORTES V
045 INICIACIÓN EN DEPORTES VI

MÓDULO 4: MOTRICIDADE HUMANA E ADESTRAMENTO DEPORTIVO

CÓDIGO/MATERIA
005 XOGOS E RECREACIÓN DEPORTIVA
016 TEORÍA E PRÁCTICA DO EXERCICIO
024 METODOLOXÍA DO RENDEMENTO DEPORTIVO
028 EXPRESIÓN CORPORAL E DANZA
037 TEORÍA E PRÁCTICA DO ADESTRAMENTO DEPORTIVO
043 AVANCES NO ADESTRAMENTO DA FORZA E DA RESISTENCIA

MÓDULO 5: ENSINO DA EDUCACIÓN FÍSICA

CÓDIGO/MATERIA
022 PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE
027 ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTE ADAPTADO
035 PLANIFICACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE
039 ACTIVIDADE FÍSICA NO MEDIO NATURAL

MÓDULO 6: ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

CÓDIGO/MATERIA
023 ACTIVIDADE FÍSICA SAUDABLE E CALIDADE DE VIDA I
036 ACTIVIDADE FÍSICA SAUDABLE E CALIDADE DE VIDA II
042 ACTIVIDADES ACUÁTICAS SAUDABLES E SOCORRISMO

MÓDULO 7: XESTIÓN DEPORTIVA

CÓDIGO/MATERIA
026 ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DEPORTIVA
038 DIRECCIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA
029 CREACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS DEPORTIVAS

MÓDULO 8: INSTRUMENTAL-TRANSVERSAL

CÓDIGO/MATERIA
021 METODOLOXÍA DE INVESTIGACIÓN EN ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTE
034 TECNOLOXÍA EN ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTE
040 PRACTICUM
041 TRABALLO FIN DE GRAO